

ACORDO ACADADO NA XUNTANZA DO 4 DE SETEMBRO DE 2020 DE ANPA DE PONTEVEDRA E MARÍN CON SERVIZOS DE COMEDOR E MADRUGA RELATIVO Á CONTINUIDADE DE DITOS SERVIZOS PARA O CURSO 2020/21

As ANPA dos centros de Pontevedra e Marín con servizos de comedor e madrugua xestionados por FANPA acordaron na xuntanza realizada o 4 de setembro de 2020 na sede de FANPA o seguinte:

A continuidade dos servizos de comedor e madrugua para o curso 2020/21 condicionada ao cumprimento dos compromisos adquiridos pola Xefatura Territorial de Educación de Pontevedra na reunión mantida polo seu titular con unha representación da FANPA o venres 4 de setembro de 2020:

- Revisión e aprobación por parte dos técnicos da Consellería de Sanidade do protocolo para ambos servizos elaborado pola FANPA.
- Compromiso público por parte da Consellería de Educación para articular mecanismos para compensar ás familias o incremento de custe dos servizos para o curso 2020/21 polas medidas necesarias para cumprir o “Protocolo para adaptación ao contexto da COVID 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-21” das Consellerías de Educación e Sanidade e as súas modificacións evolutivas.

Pontevedra, 04 de setembro de 2020